

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E O INSTITUTO ESPAÑOL DE OCEANOGRAFÍA – CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS (IEO-CSIC) PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO “ESTUDO SOBRE PRESENZA DAS OUXAS (*Myliobatis aquila*) NO LITORAL DAS RÍAS BAIXAS. SOL-OUXA II”

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro formalizou co Consejo Superior de Investigaciones Científicas, a través do Instituto Español de Oceanografía (IEO-CSIC), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa inscrición no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal (REOICO), 10 de marzo de 2026, ata o 31 de outubro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e o IEO-CSIC para realizar un estudo detallado das poboacións desta especie en zonas concretas das Rías Baixas, co fin de obter información rigorosa sobre a presenza, comportamento e dinámica poboacional. Ademais, búscase facer un diagnóstico completo do impacto que esta especie pode ter tanto a nivel biolóxico sobre os recursos de interese comercial, como social e económico, afectando directamente á actividade marisqueira, e acadar os obxectivos da proposta:

1. Estudar a bioloxía a ecoloxía trófica da ouxa, analizando a súa dieta e papel no ecosistema.
2. Avaliar a estrutura poboacional, a abundancia e a distribución espazo-temporal mediante datos de capturas e técnicas de marcado-recaptura.
3. Analizar os factores ambientais que condicionan a súa presenza e o seu impacto nos bancos marisqueiros.
4. Estudar o comportamento da especie e o uso do hábitat nos bancos marisqueiros.
5. Caracterizar e cuantificar os episodios de depredación.
6. Avaliar o impacto socioeconómico sobre o sector extractivo.

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños

15781 Santiago de Compostela

Tlf. 981 546 177

[cma.dxdesenvolvemento@xunta.gal](mailto:cma.dxdesenvolvemento@xunta.gal)



## 7. Propoñer accións baseadas en evidencias para minimizar o impacto da especie no marisqueo galego.

En particular, o convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

– Por Orde do 27 de xuño de 2022 créase a Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de fomentar o intercambio e a transferencia de coñecementos entre os organismos científicos, o sector pesqueiro e a administración pesqueira de Galicia.

– O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), establece o seguinte obxectivo para o período 2021-2027: “Manter a pesca como actividade produtora sostible mediante a xestión sostible e a conservación dos ecosistemas mariños”. Por outra banda, a prioridade 1 do artigo 3 do citado Regulamento 2021/1139 fai mención a “fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos”, desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se atopan: reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sostibles, obter datos fiables que permitan tomar decisións baseadas no coñecemento e contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

– Os proxectos aprobados pola citada Rede financiaranse nun 70% con cargo ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

– Na xuntanza ordinaria da Rede celebrada o día 30 de setembro de 2025, esta valorou positivamente a realización dun convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e o IEO-CSIC para desenvolver un plan de acción centrado en tres obxectivos principais: coñecer a abundancia e distribución das ouxas (*Myliobatis aquila*) nas costas galegas, avaliar o seu impacto sobre os bancos marisqueiros e propoñer medidas de xestión eficaces que permitan mitigar esta presión depredadora.

– A Consellería do Mar e o IEO-CSIC consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan estudar as poboacións das ouxas (*Myliobatis aquila*) en zonas concretas das Rías Baixas. A información derivada deste proxecto proporcionará unha avaliación do estado actual e evolución dos recursos e actividade pesqueira que proporcionará á Consellería do Mar e



resto de integrantes da Rede o coñecemento necesario para mellorar a súa xestión e asegurar a sustentabilidade da pesca artesanal en Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Ángeles Vázquez Suárez

